

LETRAS GALEGAS 2024

Bases concurso de microtraballos nas artes plásticas. VI Edición

1. PARTICIPANTES:

Poderán participar rapaces e rapazas con idades comprendidas **entre os nove e dezaseis anos.**

2. NORMAS PARA OS MICROTRABALLOS

Os microtraballos que concursen **provirán directamente da persoa autora, sen seren imitación, tradución ou copia doutra obra** e estaren **inspirados na vida, obra ou actividade de Luísa Villalta Gómez. Deberán ser singulares e orixinais, e poderase utilizar calquera modalidade das artes plásticas.**

3. CATEGORÍAS

Haberá un premio e diploma para cada unha das dúas categorías:

1ª Categoría: : nenos e nenas de nove a catorce anos.

2ª Categoría: rapaces e rapazas de catorce a dezaseis anos.

4. FORMA DE ENTREGA

Os microtraballos (**só un por autora ou autor**) entregaranse nas oficinas do centro, asinados cun **pseudónimo e a idade. O enderezo, teléfono de contacto e o nome da persoa participante co seu pseudónimo deberán ser entregados nun sobre pechado acompañando o microtraballo.**

5. XURADO

O xurado cualificador estará formado por persoas desta parroquia, incluídas as que impartan docencia nos colexios e instituto existentes na parroquia e presidido pola Presidencia do CVCV ou persoa en quen delegue.

Se o xurado o considerase pertinente, poderá quedar deserto calquera premio por falta de calidade ou adaptación ás bases.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación **remata o día 3 de maio de 2024.**

Os traballos expóranse por orde de entrega, no corredor de acceso á cafetería do Centro, dende o día 7 de maio.

Darase a coñecer **o nome das persoas gañadoras o día 10 de maio e a entrega de premios será o 17 de maio ás 18:30 no CVCV.**

A partir do día 10 os nomes dos/as gañadores/as permanecerán expostos no taboleiro de anuncios do CVCV co obxectivo de facilitar á súa difusión.

Promoven:

CVC de VALADARES



CEP IGREXA

CEIP A SOBREIRA



IES VALADARES

valadares